


O fragmento que vas ler pertence ao libro *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas.

Este libro trata dun rapaz chamado Balbino. O neno é labrego e ten unha familia moi pobre, pero isto non lle impedirá que lle sucedan moitas aventuras que plasmará nun caderno. É un neno aventureiro e vergonzoso, moi pícaro e valente. Pensa moito no mundo e refléxao nos episodios da súa vida como labrego.

Está situado nun tempo en que eran habituais as emigracións dos galegos a América por falta de recursos aquí, nos anos 20, 30 do século XX.

Esta historia sucede nunha pequena aldea de labregos dirixida por un señor rico. A aldea é moi pobre.



...

Pola tarde xoguei só á billarda na eira, e cando anoiteceu subín ó faiado para ollar o souto da romaría dende o ventanuxo.

Alí estiven un bo anaco. Corría un maino bafaxe que me refrescaba a testa. Un eito de grilos e sapos barullaban na horta. O souto estaba alumeado con faroliños moi paveros... Tocaba a banda de Arca e mais a de Ribeira, e a xente bailaba. Aturuxos, cántigas, berros de nenos, ulido a pulpo. Todo chegaba ata min. Os faroliños abaneábanse no aire. Por entre a xente e os carballos erguíase un nubeiro de po que logo se espaxiaba.

Moitas pezas das que tocaron as bandas xa as tiña ouvido. Eu, en veces, sentíame voar, coma se a música me arrincase do faiado e me levase polo aire. No ceo relucían ducias de estrelas. Parecía que axexaban para o rebumbio do souto. Quedeime ollando unha que escintilaba máis que as outras. Maxinei que turraba por min. Sentínme xunguido, abrazado a ela. Deille un bico e dalí a pouco bailamos os dous, o son da música...

Pedro chosco rebulíame nos ollos. Madrudara para ir con meu pai ó monte, e tiña sono. Causoume risa aquilo de bailar coa estrela. Boteille unha ollada derradeira ó souto. A xente seguíase divertindo. Os faroliños reloucaban. Pechei o ventanuxo e funme deitar. Dende a cama ouvía a música.

...

Debuxa como imaxinas a festa que ve Balbino.

Investiga. Que é unha romaría?

Coñeces algunha? Como se celebra?



Romería en Betanzos, Óleo, Manuel Abelenda, 1945

Escribe. Como se celebran as festas da túa localidade?

No texto, o neno di que xogou á billarda. Investiga sobre este xogo: que materiais se empregan, como se xoga, segue a xogarse...

Debúxao: